

! Nelson Quinteiro!



Formación vocal e musical

Aínda que semella ás veces que Nelson Quinteiro é de formación auto-didacta a verdade é que nada máis dista lonxe da realidade.

Xa de moi novo comeza a recibir clases de canto e de educación vocal na coral infantil "Borneira" de Cangas do Morrazo da man da man da súa directora, coñecida no pobo como "Nenuca".

Concertos de nadal, misas televisadas na TVG ou actuacións no Teatro García Barbón de Vigo entre os 8, 9 ou 10 anos de idade son os seus primeiros pasos no mundo do canto polifónico.

De alí pasa ao Seminario Menor da Asunción con 11 anos, onde recibe catro anos de formación musical, Historia da Música, piano ou flauta da man de Don Manuel Gesto García, coengo e organista xefe da Catedral de Santiago.

Alí forma parte da coral do propio centro, dirixida por Don Manuel Iglesias onde é unha das súas voces principais, con 11 e 12 anos como tiple, e a partir dos 13 como tenor, chegando a ser voz solista na Misa do Apóstolo do 25 de xullo na Catedral de Santiago.

Tamén, como membro do coro regular do centro recibe formación dun xeito máis estreito da man de Don Luis Seoane, titor do centro, quen apadriña a Quinteiro e segue moi cercanamente o seu desenvolvemento musical e de voz.

Despois de saír do seminario, con 17 anos regresa a Cangas do Morrazo, onde forma parte de agrupacións vocais como o coro parroquial de Coiro (Cangas do Morrazo), a comparsa "Os da Curia", o grupo de guitarra do Instituto María Soliño, ou comeza a súa formación no mundo da música tradicional formando parte da Banda de Gaitas Tromentelo dirixida daquela por Xaquín Camaño, o grupo de baile folclórico "Lumieira", o grupo folc "Albariza" ou tantas outras experiencias de maior ou menor calado nas que vai formándose con bos e moi traballadores mestres/as.

Unha vez chegado a Santiago de volta, para recibir os seus estudos en Ciencias Políticas e da Administración, Nelson Quinteiro entra en contacto con outras realidades como o grupo de baile "Ultreia", a coral "Cantigas e Agarimos", cos que traballo dun xeito puntual ou sobre todo o grupo de música tradicional "Os Estalotes" cos que comparte voz e pandeireta xunto a un grupo de homes moi afíns á polifonía aplicada ao canto tradicional que combinan a troula con uns arranxos musicais do máis elaborados.

Como pandereteiro forma parte tamén, durante case un ano do grupo de pandereteiras "Liñaceira" de Lugo, pioneiras en Galicia do canto tradicional polifónico.

Finalmente, e despois de varios anos como solista ofrecendo concertos de pandeireta e voz en solitario forma o grupo "Cabesa de Pau" que o leva a dar ducias de concertos da man da Asociación de Músicos en Lingua Galega (AMELGA) e coa que coñece de cerca a produción artística e musical, fomando parte da organización do evento "7 notas 7 cidades" do Concello de Santiago ou dirixindo os festivais "Música en tempos" ou "Festa da Mistura" do Concello de Pontevedra ou "A tocar a Cangas!" da asociación cultural "Xiria" de Cangas.

No ano 2005 é colaborador habitual do programa "Luar" da TVG con fragmentos do seu espectáculo "Pandereteiro Interactivo".

Dende aquela os seus pasos diríxense máis cara ao mundo do teatro, a danza, a produción

! Nelson Quinteiro!

e dirección artística e sobre todo o cabaré.

Todo isto sen perder de vista a súa carreira musical, na que irrumpen os pedais de loops ou certos recursos tecnolóxicos que lle permiten, en solitario facer polifonías e arranxos vocais do máis elaborado en directo.

Así, vai poñendo en marcha os espectáculos “**As Mans Perdidas**”, “**Danza e Contradanza**” coa compañía CONTRA2 ou “**Gharbo!**”, en co-producción co Centro Coreográfico Galego, do que é produtor, director escénico e musical.



UNHA COPRODUCCIÓN:  centro coreográfico galego  CONTRA2 CO APOIO DE:  AGADIC  galicia  XUNTIN DE GALICIA  Parlamento de Galicia  AGORA  DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA